

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA GALEGA 2019-2020
2º ESO CPI de Fonte Díaz

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º ESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Reflexionar sobre a normalización do galego no ámbito educativo, a partir dun vídeo.	Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. • Sintetiza oralmente a mensaxe transmitida nun vídeo.
Expor a idea xeral transmitida en textos orais do ámbito social e educativo	Reflexiona sobre o contido de textos orais de diversa índole.
Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. Explicar o uso de máximas e normas de cortesía en enunciados dados.	Coñece as máximas de cooperación e as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e dá mostras de aprecialas. Recoñece e evita a linguaxe discriminatoria.
Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. Escoitar comprensivamente textos informativos procedentes da televisión e identificar a súa intención comunicativa.	Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar	Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e

exposicións orais planificadas.	incorporalos ás súas producións
Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias). Analizar e distinguir as partes que compoñen a portada dun xornal.	Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.
Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.	Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. Coñece o funcionamento das bibliotecas, o seu sistema de busca e normas xerais de uso
Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. Escribir adecuadamente solicitudes, seguindo unhas pautas.	Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. Escribe unha carta dirixida a un xornal sobre a temática dunha lectura. Escribe adecuadamente solicitudes, seguindo unhas pautas. Elabora un folleto en grupo, seguindo unhas pautas e aplicando os coñecementos adquiridos na unidade correspondente. Redacta unha conversa de Whatsapp ficticia relacionada co contido

	dunha lectura.
Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. • Coñecer a correspondencia entre fonemas e grafías. • Recoñecer os fonemas vocálicos e consonánticos do galego. • Pronunciar correctamente os fonemas vocálicos e consonánticos en palabras dadas, reparando no punto de articulación.	Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. • Sinala a correspondencia entre fonemas e grafías en palabras dadas. • Recoñece os fonemas vocálicos e consonánticos do galego. • Pronuncia correctamente os fonemas vocálicos e consonánticos en palabras dadas, reparando no punto de articulación
Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual. • Coñecer as pautas e normas de uso do punto, a coma e o punto e coma. • Analizar a puntuación en textos dados, de xeito guiado. • Coñecer as normas e pautas de uso dos dous puntos, os puntos suspensivos e os signos de interrogación. • Puntuar correctamente textos dados. • Explicar a diferenza de significado entre unha parella de enunciados con distinta puntuación. • Explicar razoadamente o uso dos dous puntos e os puntos suspensivos nun texto.
Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega	Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega
Situación sociolingüística do galego. • O galego no ámbito local. • Os servizos de normalización lingüística. • Toponimia e antroponimia. • O galego na súa contorna. A transmisión lingüística.	• Procurar información sobre iniciativas pola normalización lingüística no ámbito local e reflexionar sobre estas. • Informarse sobre a situación sociolingüística do galego no seu concello e comparala coa situación doutros

	<p>contextos. • Interesarse por contribuír á normalización do idioma no seu contorno. • Analizar, de xeito guiado, a evolución da situación sociolingüística do galego nunha década a partir dun gráfico. • Dar mostras de comprender e rexeitar os prexuízos asociados ao uso do galego. • Definir topónimo e antropónimo. • Ampliar o seu coñecemento dos topónimos do seu contorno e valoralos positivamente. • Analizar a frecuencia dos antropónimos galegos no seu contorno e coñecer a forma propia para os nomes en castelán.</p>
<p>Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. • Desenvolvemento do criterio lector. • Información sobre o autor ou autora do texto de lectura</p>	<p>Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. • Ler con regularidade obras literarias. • Desenvolver progresivamente o seu criterio lector. • Asimilar, progresivamente, os trazos formais e estéticos dos textos. • Coñecer a traxectoria dos autores e autoras dos textos de lectura</p>
<p>Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. • Análise de textos narrativos, descritivos e dialogados. • Análise de textos poéticos. • Comprensión dun texto teatral.</p>	<p>Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. • Distinguir os trazos propios dos textos narrativos, descritivos e dialogados. • Identificar nun texto fragmentos narrativos, descritivos e dialogados. • Analizar, de forma guiada, textos poéticos atendendo á súa</p>

	<p>estrutura e métrica. • Identificar en textos poéticos os recursos formais estudados (paralelismo, aliteración, antítese e anáfora). • Explicar razoadamente a función das anotacións nun texto teatral</p>
<p>Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. • Expresión escrita: transformación de textos narrativos, descritivos e dialogados. • Expresión escrita: creación de poemas. • Expresión escrita: descrición breve. • Expresión escrita: diálogo.</p>	<p>Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. • Empregar os trazos propios dos textos narrativos, descritivos e dialogados para transformar textos dados. • Escribir un poema relacionado coa temática dunha lectura. • Escribir un poema servíndose dun modelo analizado. • Redactar unha descrición breve de temática relacionada coa dun texto de lectura. • Escribir un diálogo relacionado coa temática dunha lectura. • Asimilar e utilizar os recursos traballados na aula na súa produción escrita.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación directa do traballo diario, de xeito <i>on line</i> no 3º trimestre.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións).</p> <p>Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Valoración cuantitativa do progreso colectivo.</p> <p>Valoración cualitativa do progreso colectivo.</p> <hr/> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Observación directa na aula ou nos materiais que entregan por google classroom ou correo electrónico .➤ Videoconferencias.➤ Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.➤ Avaliación de contidos, probas e repaso das unidades 1º e 2º trimestre.➤ Avaliación de contidos, probas e afondamento das unidades 1º e 2º trimestre.➤ Achega e presentación <i>on line</i> de contidos básicos e competencias planificadas para o 3º trimestre.➤ Avaliación por competencias, proba correspondente ao 1º e 2º trimestre.➤ Probas de avaliación externa.➤ Outros documento <i>on line</i>, gráficos ou textuais.➤ Debates e intervencións na aula ou <i>on line</i>.➤ Proxectos persoais ou de grupo.➤ Representacións e dramatizacións.➤ Elaboracións multimedia.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación final será a suma da nota da primeira e segunda avaliación. A esta materia engadiránselle puntos obtidos da cualificación das tarefas semanais entregadas no terceiro trimestre. De ningunha maneira a nota final</p>

será inferior á media numérica da nota da primeira e segunda avaliación. Por contra, á nota media obtida da suma da primeira e segunda avaliación engadiranse os seguintes puntos para subir nota:

Engadiranse 0.25 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 4,5 e 5,6 puntos.

Engadiranse 0.5 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 5,7 e 6,6 puntos.

Engadiranse 0.75 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 6,7 e 7,6 puntos.

Engadirase 1 punto á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 7,7 e 8,6 puntos.

Engadiranse 1.25 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 8,7 e 9,4 puntos.

Engadiranse 1.5 puntos á nota media do alumnado que entregase todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e que teña nesas tarefas unha nota entre 9,5 e 10 puntos.

Para recuperar a primeira e segunda avaliación o alumno que as teña suspensas deberá realizar as tarefas semanais, entre as que se encontrarán materiais específicos de recuperación. Daranse por recuperadas as avaliacións cando o alumno entregue todas as tarefas semanais do terceiro trimestre e teña nesas tarefas unha nota igual ou superior a 4 puntos.

Para que poidan engadir puntos ou recuperar, as actividades han ser entregadas en tempo e hora, segundo marquen os distintos prazos e instrucións semanais, que habitualmente han ter en conta o horario da clase. O profesor poderá admitir actividades fóra de prazo tendo en conta problemas de conectividade e circunstancias persoais debidamente acreditadas dentro da realidade da pandemia.

**Proba
extraordinaria de
setembro**

A alumnado que non recupere, recibirá tarefas a facer no verán. Daranse por recuperadas as avaliacións suspensas cando o alumno entregue na data marcada as tarefas do verán e teña nesas tarefas unha nota igual ou superior

	<p>a 4 puntos.</p> <p>De non entregar ou superar as tarefas, e sempre atendendo ao que dispoñan as autoridades sanitarias, terá dereito ser estas avaliado nunha proba en setembro na que se incluírá só a materia do trimestre ou trimestres suspensos.</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai alumnado con materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non hai alumnado con materia pendente</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non hai alumnado con materia pendente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Actividades semanais de repaso da materia impartida no primeiro e segundo trimestre ➤ Actividades semanais de afondamento da materia impartida no primeiro e segundo trimestre. ➤ Actividades de achega á materia programada para o terceiro trimestre (presentación por videoconferencia) ➤ Obradoiros. ➤ Actividades de recuperación individualizadas ➤ Aprendizaxe cooperativa. ➤ Prballo por tarefas.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>Con conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Empregarase o google classroom, para entregar, avaliar e realizar as tarefas semanais. ➤ Ao alumnado facilitaráselle tamén o correo electrónico galegofontediaz@gmail.com para manter o contacto, resolver dúbidas ou entregar os materiais. ➤ Faranse videoconferencias pola ferramenta webex. ➤ Ao alumnado facilitouselle un número de usuario e contrasinal para acceder á aula virtual, con acceso ao libro de texto e outros materiais da editoria Obradoiro Santillana, coa que traballamos na aula. <p>Sen conectividade:</p> <p>O alumnado recibirá un aviso coa tarefa a realizar no seu caderno e remitirá unha foto ou pdf desa tarefa ao correo electrónico galegofontediaz@gmail.com</p> <p><u>Hanse procurar sempre os seguintes principios metodolóxicos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Actividade e experimentación. ➤ Participación. ➤ Motivación. ➤ Personalización. ➤ Inclusión. ➤ Interacción. ➤ Relevancia. ➤ Funcionalidade. ➤ Globalización. ➤ Avaliación formativa.

Materiais e recursos

- Google classroom
- Correo electrónico: galegofontediaz@gmail.com
- <http://aulavirtual.santillana.es/av3online/login>
- A aplicación para videoconferencias: webex
- As tarefas e textos que as acompañan entregaranse tamén en formato word ou pdf para aquel alumnado por problemas de conectividade. Ese alumnado resolverá as tarefas no seu caderno.

Para tentar sacar proveito desta situación anómala, procurárase familiarizar ao alumnado con conectividade con recursos *on line* como:

<https://aulasgalegas.org/>

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/espazos/recursos>

<https://portaldaspalabras.gal/>

<http://www.kalandraka.tv/gl/index.php>

<http://www.crtvg.es/informativos/etiqueta/digochoeu>

<https://www.lingua.gal/recursos/para-medrar-en-galego>

<https://www.as-pg.gal/aula-digital>

<https://www.ogalego.eu/>

http://webardora.net/index_gal.htm

O alumnado sen conectividade recibiu na súa casas o libro de texto e indicáraselle, cando sexa preciso, as unidades que ha empregar para resolver as tarefas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A familias han ser informadas por Abalar de cada tarefa e actividade que se propoña.</p> <p>As familias que así o comuniquen serán informadas por correo individual.</p> <p>O alumnado será informado pola aplicación google classroom de cada tarefa, actividade semanal.</p> <p>Do mesmo xeito, por google classroom daranse as instrucións necesarias para desenvolver as tarefas e os criterios para avalialas.</p> <p>O profesor comunicará ao titor ou titora aqueles casos onde non sexa posible ou sexa difícil a comunicación co alumnado ou coas familias.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.